



Tania Álvarez Meda, secretaria da Comisión de Seguimento prevista no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na **Área de Transporte Metropolitano de Lugo**, prevista na cláusula cuarta do referido convenio, de conformidade co artigo 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

CERTIFICA

Que na sesión da Comisión de Seguimento prevista no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, celebrada o día 12 de novembro de 2024, aprobouse por unanimidade dos/as asistentes a adopción do seguinte acordo:

Acordo polo que se prorroga para ao ano 2025, 2026, 2027 e 2028 a vixencia do Convenio de colaboración para desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, formalizado con data do 9 de decembro de 2020, pola entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os concellos de Lugo, Castro de Rei, Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Castrovverde, Rábade, Friol e Baleira, respecto dos programas actualmente implantados, asumindo as administracións os compromisos previstos no referido convenio para eses novos exercicios.

As estimacións de gasto asumidas polas partes previstas para os exercicios 2025, 2026, 2027 e 2028 son as que se indican deseguido:

Esta certificación expídese con anterioridade á aprobación da acta da sesión indicada.

Administración	2025	2026	2027	2028
Baleira	1.684,42 €	1.684,42 €	1.684,42 €	1.684,42 €
Castro de Rei	1.491,54 €	1.491,54 €	1.491,54 €	1.491,54 €
Castrovverde	2.993,31 €	2.993,31 €	2.993,31 €	2.993,31 €
Corgo, O	1.082,45 €	1.082,45 €	1.082,45 €	1.082,45 €
Friol	2.527,48 €	2.527,48 €	2.527,48 €	2.527,48 €
Guntín	2.264,81 €	2.264,81 €	2.264,81 €	2.264,81 €
Lugo	2.404,75 €	2.404,75 €	2.404,75 €	2.404,75 €
Outeiro de Rei	960,19 €	960,19 €	960,19 €	960,19 €
Rábade	1.799,60 €	1.799,60 €	1.799,60 €	1.799,60 €
TOTAL ADMINISTRACIÓN LOCAL	17.208,55 €	17.208,55 €	17.208,55 €	17.208,55 €
XUNTA DE GALICIA	61.905,82 €	61.905,82 €	61.905,82 €	61.905,82 €

As contías aquí sinaladas comprenden as compensacións asumidas pola Xunta de Galicia polos transbordos que se produzan no sistema metropolitano.

As achegas correspondentes do período 2025 - 2028 están calculadas tendo en conta o gasto imputable a cada administración no ano 2023, e a evolución da utilización dos servizos públicos do primeiro semestre do ano 2024.

A secretaria da Comisión de Seguimento
Tania Álvarez Meda

A vicepresidenta da Comisión de
Seguimento
Judit Fontela Baró

(documento asinado dixitalmente)

